Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de 3,0 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 metros cadrados.

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAI E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbese as cores metálicos anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rodrigo Asorey González

Visto o escrito presentado por **Rodrigo Asorey González**, de data 27/05/2024 (Registro de entrada nº 13.304), no que solicita certificación urbanística en relación á finca situada na Rúa Garcilaso nº 11, Palmeira, Ribeira, con refª catastral nº 3443507NH0134S0001HH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 08/03/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Consultados PXOM, documentación catastral, Inventario de vías do Concello de Ribeira, e realizadas as comprobacións oportunas, pódese informar que a finca referenciada, **non linda polo Norte con vía pública.**



13.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN ORDINARIA DE DATA 08/02/2024 (INFORMACIÓN URBANÍSTICA) – Manuel Abelardo González Díaz

Visto o escrito presentado por **Manuel Abelardo González Díaz**, de data 14/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.480), no que presenta recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 08/02/2024 (Información urbanística).

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 23/05/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA ratificarse no contido do informe emitido o día 6 de febreiro de 2024**, polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de febreiro de 2024, que se transcribe a continuación:

“INFORME URBANÍSTICO

Exp.: 2024 INFO000013

Don Manuel Abelardo González Díaz, con NIF 32.747.867-F, solicita Información urbanística da parcela con referencia catastral: 15074A050006740000KF, polo que, Informo,

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400002388 do día 30 de xaneiro de 2024.

Informe urbanístico, redactado polo arquitecto municipal Don Oscar Pidre Mosquera, o día 6 de febreiro de 2024, e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de febreiro de 2024.

Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o día 14 de marzo de 2024, co número de rexistro de entrada 202400006480.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre o recurso de reposición presentado.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral, e un recurso de reposición, baseado nun Informe pericial elaborado polo enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo S. Tarrío Calvo, asinado dixitalmente o 13 de marzo de 2024.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A050006740000KF, no seu plano 8.16. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Teira), a escala E:1/2000 como solo de



núcleo rural, estando parte da parcela cualificada coma solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), artigo 133 do PXOM, e outra porción de parcela coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do PXOM.

4.3. Análise da documentación presentada e da normativa urbanística

O informe urbanístico redactado o día 6 de febreiro de 2024 polo arquitecto municipal Don Oscar Pidre Mosquera, tal e coma se recolle no seu apartado 2, Obxecto do informe, informa desde o punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela; en ningún caso, se está a informar sobre a viabilidade dunha actuación urbanística concreta, dado que no momento da elaboración do informe non se dispón de información suficiente sobre a parcela para informar sobre o cumprimento dos parámetros urbanísticos da mesma.

Coma información urbanística que é, limitábase a informar ao respecto da clasificación e cualificación urbanística dunha parcela, así coma das condicións esixibles pola normativa urbanística para poder edificar na mesma. Polo que non procede recurso de reposición, ao non ser unha autorización ou un informe relativo ao cumprimento dunha condición específica da normativa vixente.

O informe remitido conta ca información relativa ás condicións esixibles pola Ordenanza de aplicación, e no caso da xustificación destas condicións, indica expresamente que *“deberá realizarse medición exhaustiva para comprobar esta condición, xa que cos datos con que se contan no momento da elaboración deste informe, non é posible verificar correctamente esta condición”*.

Por todo isto, o técnico que subscribe, se ratifica no contido do informe emitido o día 6 de febreiro de 2024, e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de febreiro de 2024, e o transcribe a continuación:

“Juan Manuel Salguero del Valle, secretario xeral do Concello de Ribeira (A Coruña), CERTIFICO: Que en sesión Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada en data 08 de febreiro do 2024, aprobou o seguinte acordo:

26.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Abelardo González Díaz

Visto o escrito presentado por Manuel Abelardo González Díaz, de data 30/01/2024 (Registro de entrada nº 2.388), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A050006740000KF.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto, Óscar Pidre Mosquera, de data 06/02/2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400002388 do día 30 de xaneiro de 2024.
2. OBXECTO DO INFORME Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.
3. LEXISLACIÓN APLICABLE – Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG – Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG – Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM – Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA – Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL 4.

CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral. 4.2. Normativa urbanística O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A050006740000KF, no seu plano 8.16. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Teira), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural, estando parte da parcela cualificada coma solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), artigo 133 do PXOM, e outra porción de parcela coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do PXOM. As condicións destas Ordenanzas son:



- Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.A., artigo 133 do PXOM:
Comprende esta ordenanza as áreas de solo mais consolidado das aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural. AMBITO O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES Serán obras preferentes as de: - conservación - consolidación - rehabilitación - restauración - ampliación - obra nova permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova. Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, se manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroadada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 200 m² . non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, excepto en aqueles casos de parcelas entre paredes medianeiras. Fronte mínimo: será de 8 m.

Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. e se cumpran o resto das condicións de edificación.

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Se terán en conta os seguintes criterios:

- En áreas consolidadas: as que resultan coherentes cas aliñacións das edificacións existentes e do viario regularizado, buscando sempre que sexa posible unha aliñación paralela a algún tramo do viario.

- En áreas pouco consolidadas: a fachada da edificación que de fronte ao viario ha de ser, necesariamente, paralela ao eixe do viario existente ou regularizado ou de nova apertura; cando o viario a que de fronte sexa curvo, á corda que una os extremos da parcela no seu interior co borde do viario, e se aplicará a normativa viaria.

Non obstante poderán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cando ao aplicarse a normativa quedasen fora de aliñación edificacións existentes e se permita coma mínimo unha sección viaria de 5 metros.

A edificación poderá ser exenta ou acaroadada, permitíndose acaroar cando exista medianeira vista ou si se trata dun proxecto de edificación conxunta ou existise acordo entre lindantes. Nos outros casos o recuado a lindeiros debe ser coma mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima na parcela: 50 %

CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN

Edificabilidade máxima: 1,25 m² /m²

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e o aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros.

Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura. Altura de coroación: 4 metros por cima do último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m.

No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.



Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, como galerías e miradoiros.

As características e dimensións destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación permitíndose a partir da primeira planta. Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados.

No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares:

Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de 3,0 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 metros cadrados.

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes. Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocós de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir. Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica.

Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio. As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbese as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor.

Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do XPOM:

Comprende esta Ordenanza as áreas das áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación esta ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos. O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de: - conservación - consolidación - rehabilitación - restauración permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova. Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocós de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumplan o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN



Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas. En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroadada a la parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros. Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m² . construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE. Edificabilidade máxima: 0,50 m² /m² .

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por encima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros. As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m² , e non podendo superar os 50 m² .

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS. Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza extraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbese as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

Segundo o artigo 90 do PXOM, cando nunha parcela concorran diferentes cualificacións do solo , terase en conta a que corresponda ca ubicación da edificación, podendo computarse o resto do solo que presente distinta cualificación, se ben, ficará vinculado ao edificio. Se a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do mais esixente.

5. AFECIÓN SECTORIAIS A parcela non presenta afecións sectoriais

6. CONCLUSIÓN

Segundo a consulta catastral realizada, a parcela ten unha superficie bruta total de 1.495 m² , estando, no redor dos 350 m² a porción de parcela ubicada en solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), e a restante superficie en Solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B). A fronte da parcela a vial público, estaría no entorno do 6,5 metros de lonxitude, que non acadaría a dimensión mínima esixida en calquera unha das ordenanzas de aplicación. Polo que non será edificable en tanto non conte con fronte a vía pública con acceso rodado, de largo mínimo 8 metros, e se cumpran o resto das condicións indicadas neste informe.



Pese ao cal, deberá realizarse medición exhaustiva para comprobar esta condición, xa que cos datos con que se contan no momento da elaboración deste informe, non é posible verificar correctamente esta condición"

14.- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: MARÍA DOLORES RAMA SANTOS. LUGAR: EIREXA, OLVEIRA, RIBEIRA

VISTO os escritos de Dna. M^a Dolores Rama Santos, rexistrados de entrada os días **10 de decembro de 2023, 4 de xaneiro e 8 de marzo de 2024**, (rexistros de entrada nº 28.409, 365 e 5.965), mediante os que solicita **licenza de agrupación e posterior segregación de fincas** con ref^a catastral nº 15074A048002450000KJ - 15074A048002540001LK - 15074A048002630000KP e sitas no lugar de Eirexa, Olveira, Ribeira, achegando Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial da Coruña de autorización na zona de protección da estrada AC-303 PQ inicio: 4+300 PQ fin: 4+400, Ref^a catastral - 15074A048002450000KJ, marxe no sentido de avance do quilometraxe dereita, asinado polo xefe do servizo provincial D. Felipe de la Vega Gándaras o día 8 de marzo de 2024 así como Modificación de Proxecto Técnico de parcelación e reorganización de fincas, redactado por Dna. Rosa Ana Tubío Piñeiro, (enxeñeira técnica agrícola col. nº 1.511), asinado o día 24 de novembro de 2023 así como Proforma de Escritura de Segregación e Agrupación de Parcelas, presentada o día 4 de xaneiro de 2024.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **9 de xaneiro de 2024**.

VISTO o **acta e plano de cesión** asinado pola **enxeñeira municipal** os días **5 e 10 de abril de 2024** en relación á superficie de **415,00 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.

VISTO o **contrato de cesión** asinado por Dna María Dolores Rama Santos o día **1 de abril de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **415,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **5 de abril de 2024**.

VISTO o informe do secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **5 de abril de 2024**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C** e **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos



esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- **CONCEDER** a Dna. M^a Dolores Rama Santos a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 8/24)** con referencias catastrais nº 15074A048002450000KJ - 15074A048002540001LK - 15074A048002630000KP e sitas no **lugar de Eirexa, Olveira, Ribeira**, nos termos da Modificación de Proxecto Técnico de parcelación e reorganización de fincas, redactado por Dna. Rosa Ana Tubío Piñeiro, (enxeñeira técnica agrícola col. nº 1.511), asinado o día 24 de novembro de 2023 así como da Proforma de Escritura de Segregación e Agrupación de Parcelas, presentada o día 4 de xaneiro de 2024:

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: *Segundo contrato de cesión asinado por Dna. María Dolores Rama Santos o día 1 de abril de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 415,00 m² en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.*

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

15.- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: CARMEN BEATRIZ GUDE BOO. LUGAR: LUGAR DE TEIRA, CORRUBEDO, RIBEIRA

VISTO o escrito de Dna. Carmen Beatriz Gude Boo, rexistrado de entrada o día **26 de marzo de 2024**, (rexistro de entrada nº 7.513), mediante o que solicita licenza de segregación de



finca con refª catastral nº 15074A049002760000KM - 15074A049002750000KF e sita no lugar de de Teira, Corrubedo, Ribeira, achegando Proxecto de segregación de parcelas redactado por D. Andrés Fernández Fuentes (arquitecto técnico col. nº 1.641), con sinatura dixital de día 26 de marzo de 2024 así como Escritura de Compravenda outorgada polo notario de Ribeira D. Santiago Botas Ramos o día 26 de outubro de 2023 co nº 878 de protocolo.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 26 de abril de 2024.

VISTO o acta e plano de cesión asinado pola enxeñeira municipal

VISTO o Acta e plano de cesión asinado pola enxeñeira municipal o día 2 de maio de 2024 en relación á superficie de **71,00 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o contrato de cesión asinado por Dna. Carmen Beatriz Gude Boo, superficie de terreo de **71,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 29 de maio de 2024.

VISTO o informe do secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data 4 de xuño de 2024.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Carmen Beatriz Gude Boo a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 9/24) con refª catastral nº 15074A049002760000KM - 15074A049002750000KF e sita no lugar de de Teira, Corrubedo, Ribeira, nos termos do Proxecto de segregación de parcelas redactado por D. Andrés Fernández Fuentes (arquitecto técnico col. nº 1.641), con sinatura dixital de día 26 de marzo de 2024:

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado por Dna. Carmen Beatriz Gude Boo, o día 20 de maio de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **71,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a



eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

16.- VAO PERMANENTE – Ana María Crujeiras Álvarez

Visto o escrito presentado por **Ana María Crujeiras Álvarez**, de data 04/05/2023 (Registro de entrada nº 11.043), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Cerca, nº 5 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 01/06/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Ana María Crujeiras Álvarez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Cerca, nº 5 (Aguiño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



17.- VAO PERMANENTE – Comercial Pardal, S.L.

Visto o escrito presentado por José Manuel Figueroa Torres en representación de **Comercial Pardal, S.L.**, de data 27/02/2024, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado en Rúa Carlos Casares, nº 13 B -Baixo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 24/05/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Comercial Pardal, S.L.**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmoble situado en Rúa Carlos Casares, nº 13 B -Baixo (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

18.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA ETAPA CIRCULAR DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ORIXE – Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixé

Visto o escrito presentado por Manuel Antonio Villar Fernández en representación da **Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixé**, de data 29/05/2024 (Rexistro de entrada nº 13.629), no que solicita a colaboración municipal (Protección Civil e Policía Local), co motivo da realización dunha etapa circular do Camiño de Santiago A Orixé, o día 29/09/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a colaboración municipal (Protección Civil e Policía Local), co motivo da realización dunha etapa circular do Camiño de Santiago A Orixé, o día 29/09/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Protección Civil para o seu coñecemento.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – David Justicia Borrás (TRISKEL)

VISTO o escrito presentado por **David Justicia Borrás**, en representación do establecemento “Bar Triskel”, de data 29/05/2024 (Rexistro de entrada nº 13.541), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Triskel” (Ribeira), os días 15 e 29/06/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **David Justicia Borrás**, para evento musical no



establecemento hostaleiro “Bar Triskel” (Ribeira), os días 15 e 29/06/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Triskel” (Ribeira) (**David Justicia Borrás**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
